M. COMELLAS COIMBRA

PILARA

OU

GRANDEZAS D'OS HUMILDES

Ateneo Ferrolan
Fundado en 1879

Fantesía dramáteca

FERROL
Imp. y Est. de "El Correo Gallego"
REAL 139 Y 141-CANALEJAS 150 Y 152
1920

FA/FL/79

R. 12 223

Ateneo Fortuny
Fundado en 1879

PILARA

OU

Grandezas d'os humildes

FANTESIA DRAMATECA, EN TRES PARTES,
estrenada con ruidento aprauso n-o treato "Jofre",
de Ferrol, o 23 d'agosto d'o 1919, e repitida con aprauso
mayor o 6 de setembro.

Compúxoa **Manuel Comellas Coimbra,**

oferéndall'ô seu moito amigo D. Bernardo Prieto
García, en xusta correspondencia de lei sinxela.

Ateneo Ferrolan
Fundado en 1879
Rua Magdalena 202-203 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

FERROL

IMP. Y EST. DE "EL CORREO GALLEGO"
REAL, 139-141 Y CANALEJAS, 150-152
1920

R-2.329

PARTE PIRMEIRA

(Erguido o pano, vese n-a dereita e n-a ezquerda a dianteira de casa probe, con porta pol'as duas mans, e n-o fondo, muro de cerramento con portón e tranca pra pechal-o. O pano derradeiro semella ourizonte de mar.

Diante d'a porta d'a dereita, unha parra; debaixo d'ela unha mesa de pino, e n-os arrodeos, hastra media ducia de banquillas de madeira y-un tallo máis ou menos longo. Haberá tamén un escabeliño.

Pendurado n-a parede d'a mesma man un faroliño.

Eiquí y eilí vense remos, velas, rizós, aparexos, cestos, etc., etc., e preto d'a mesa unha rede.)

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

CONVERSA 1.ª

(Erguéndos'o pano, óusense drento, e cada vez máis fortes, as voces que cantan).

CORO (1) Somos d'a mariña,
somos mariñans,
somos todos nâdos
n-a beira d'o mar;
n-a beira d'o mar,
n-a beira d'o mar
qu'unhas veces brúa
y-outras durm'en paz.

C'a tonada d'a Ribeirana, de Ribadeo, ou outra que lle pegue.

CONVERSA 2.ª

(O termo d'o cantar, entran pol'a portalada SIDRO, PILARA y-os oito mariñeiros d'a barca d'aquél. Algús d'eles portan cousas d'a barca, que pousarán n-o chan.)

SIDRO.—Ora, pois, sentádevos, e faremol'as particiós, rapaces.

(Séntanse; Pilara vaise pol'a dereita.)

Logo iremos diante d'a Virxe d'o Mar a darlle gracias de xionllos porque sacoun-os con ben d'o vendaval d'anoite.

MARIÑEIRO 1.º—Certo; qu'eu receéime de non volver a pisal'a terra. ¡Vaites c'o furacán, tío Sidro!

SIDRO.—Inda es mozo, Xan; cando botes cañas n-o oficio, xa te decatarás de que pr'os pescadores ten o mar traiciós de Xudas; mais en téndolle lei, dempóis d'un trebón volves a poñel'a proa mar afora, sereo e seguro, como si pisaras n-o tillado d'a casa.

MARIÑEIRO 2.º—¡Hai qu'afaguerse, tío Sidro!

SIDRO.—Algo máis, Antón: hai que ter concencia sana, corazón grande e fe en Dios e n-a Virxe d'o Mar. ¿Qué siría de nos sin Nosa Siñora?... *(Transición)*. ¡Ei! Fagamol'as contas. *(Valeira unha bolsa n-a mesa)*. Cen pesos deu a costeira. Eu e mail'a barca faguemos duas partes; con oito vosas son dez; tócan-nos, pois, vinte pra min e dez pra cad'un de vosoutros; ¿non é así? Pois tede, Tanasio e Vicente, os vosos; tí, Manoel, os teus; ten, Xan; ten, Antón; Romaldo, Chinto e Xacobe, os vosos. ¿Vades satisfeitos?

MARIÑEIROS.—Sí, siñor, tío Sidro.

SIDRO.—Pois, a paz de Dios, e mañá será outro día. Imonos â eirexa. *(Vanse, repitindo o cantar d'o comenzo)*.

CONVERSA 3.ª

D. Loís.—*(Vindo pol'a portalada y-ollando que n-hai ninguén).*—Oites! N-hai ninguén... Bo! Non teño presa... *(Séntase).*

Xa está!... Conto acabado... Vinte mil pesos costoum'o vapor pesqueiro... C'un bó patrón como Sidro, en pouco de tempo, dobrad'o diñeiro, e por ese camiño, logo xuntaréi media ducia de pesqueiros qu'hanme facer millonario. *(Retrégas'as mans con moita fachenda).* E quén me verá n-a vila, un día, alcalde; outro, deputado; dempóis, gobernador... quezaves menistro; qu'o diñeiro é cabaleiro, e de pau de carballo fanse santos... *(Berrando).* ¡Tío Sidro!

CONVERSA 4.ª

D. Loís e Pilara.

PILARA.—Boas tardes teña vostede; ¿qué se ll'ofrecía?

D. Loís.—¡Linda moza! *(Contr'o seu chaleque).* Mais ¡qué vexo! ¡E a mesma! *(A Pilara).* Contigo non poden ser malas, nena. *(Erguese).*

(Contr'o seu chaleque). ¡Quén habíame dicir qu'eiquí atoparía a muller qu'aló n-a vila prendeume lume n-o peito! *(A Pilara).* ¿Es d'a casa?

PILARA.—Son filla d'o tío Sidro, pra sirvir a Dios y-a vosté.

D. Loís.—Hou, rapariga! Es linda como un sol. *(Arrechegándos'un pouco).*

PILARA.—Gracias pol'o favor, e Diol'o garde. *(Queréndose ir).*

D. Loís.—Escoita unha verba, nena!

PILARA.—Nada teño qu'escoitarlle se non é algún encargo pr'o meu pai.

D. Loís.—Por mor d'o teu pai estóu aquí, e namentres qu'il non ven, podemos parolar un pouco.

PILARA.—Perdone, siñor; o meu pai logo virá, e co'il poderá parolar canto lle pete; a min nada ten que dicirme, porque n-o conezo nin falla que me fai.

D. Loís.—En moza tan garrida mal parecen as espiñas d'o toxo; non t'asañes, neniña, que mal te non dixen.

PILARA.—As espiñas non sobraran, s'a nena fose rosa, como dí vosté d'agasalleiro modo; pro ¿qué ten de ver un siñor c'unha probe rapaza como eu?

D. Loís.—Hastra d'hoxe, nada, é verdá; pro d'eiquí en diante, si tí quixeras...

PILARA.—*(Con alma)*. ¿Qué?...

D. Loís.—De probe, sirías rica; de pesqueira, siñora.

PILARA.—*(Noxada)*. Abonda de parola, qu'escoitéi por non fallare á cortesía...

D. Loís.—*(Agasalleiro)*. Escoita aínda. ¿Non te miras n-espello? ¿E te non di, cando n-il te ves, qu'esa tua cariña de rosa non é pra vivir en chouza, sinón en pazo; nin esas mans tan feitiñas pra compor redes, mais pra locir anelos; nin eses pes pequerrechos pra calzar zocas, sinón zapatos de seda?

PILARA.—¡Diaño d'home!... Cando mírome n-espello d'as augas mainas, n-a beira d'o mar, díceme qu'as verbas mentireiras muschan e desfollan as rosas: qu'as mans deun-as Dios pra traballar honradamente, que non hai pan gustoso sin o sal d'o traballo; e qu'as sedas fían-as us vermes pra vistir ôs qu'outros vermes han d'ispir.

D. Loís.—Canto máis t'enrabechas, máis me namoras. Si tí quixeras... xa ves... eu son rico, e podo chegar a moito, e todo sería pra tí. Viviría-

mos n-a vila como duas pombas qu'arrólanse sin ter que pidir licencia a ninguén pra faguer seu niño...

PILARA.—*(Botando lume).* Non séi como tal escoitéi, pro xa qu'oín seu aldraxe, escoite tamén: nin aquí hai feira onde s'axusten bestas, nin eu fago verbo de mercal'as, por moito que chuf'a mercancía; que de millor palla fixen eu esterco!... *(Vaise pol'a dereita).*

D. LOÍS.—*(Coraxento).*—¡Rapaza! *(Indo hastra a porta por onde foise Pilara).* ¡Hasmas pagar, xur'a Dios! *(Vai sair pol'a portalada).*

CONVERSA 5.ª

D. Loís e Sidro.

SIDRO.—*(Entrando).* ¿Quén chama así?

D. LOÍS.—Boas seras, tío Sidro; son eu, Loís García, o dono d'un vapor pesqueiro qu'estóu armando n-o porto d'a vila, e viña cabo de vosté pra proporll'a patronía d'o barco. Canso d'agardar, chamaba pol'a sua filla pra deixarll'o encargo cando vosté acertóu a vir.

SIDRO.—Está ben; pro fágam'o favor de sentárese, e falaremos.

(Séntanse).

D. LOÍS.—Pois, o dito. Merquéi o vapor, y estóu enroland'a xente pr'equipal'o. Déronme novas n-a vila de que ninguén com'o tío Sidro pra patronía, e vel-ahí-tén.

SIDRO.—Páguelles Dios as boas fadas.

D. LOÍS.—Sí; dixéronme que nin como lobo de mar nin como home de ben había outro cal vosté en vinte légoas n-a redonda; y eiquí estóu, tío Sidro, pra proporll'a patronía d'o pesqueiro.

SIDRO.—Agradezo a fineza.

D. LOÍS.—Logo, ¿aceuta?

SIDRO.—Non, siñor.

D. LOÍS.—¡Dentonces, ho!

SIDRO.—O agradecimento non quer dicir aceutación.

D. LOÍS.—¿E me non dirá por qué?

SIDRO.—Obriga de dicil'o n'hai, pro direillo: teño unha barca de meu, e co'ela abóndame pr'as necesidades d'a vida.

D. LOÍS.—Xa; pro mudarse por millorarse...

SIDRO.—Ou impiorarse, siñor; un carballo vello n-hai modo de trasplantal'o sin perigo de morte. N-a miña barca, dend'o bancal d'o timón, fend'as augas que c'as suas escumas bícanm'a neve d'os anos, ora cantareiras como fontela, ora bruando cal lobicás que cobizan tragarm'a retesía. Y-a miña barca sempre adiante, sempre enriba d'o lombo d'as ondas, porque conóceme e deprendéu que mentres teña Sidro unha táboa debaixo d'os pes, c'axuda de Noso Siñor e d'a Virxe d'o Mar, Sidro sairá con ben d'a costeira.

D. LOÍS.—Eso mesmo podería facer n-o meu barco.

SIDRO.—Non; a miña barca e máis eu somos cal corpo e y-alma que non se soparan sinón c'a morte. Dende que enviudéi, sin outra compaña qu'a miña Pilara y-a miña barca, as duas comparten os meus amores, e sin eses dous amores, como dí o cantar, non sei vivir...

D. LOÍS.—¡Sempre os vellos alapados âs cousas vellas! ¡A novos tempos, novas costumes... Os vapores matarán âs barcas, e destonces ¿qué vai ser de vosté?

SIDRO.—¿De mín?... Cand'eso sexa, que non será tan axiña, xa eu haberéi finado.

D. LOÍS.—¡Non ll'ha tardar moito, tío Sidro!

SIDRO.—Pois Dios, que se coida d'os paxaros, terá conta de nos.

D. LOÍS.—¿Non pensa n-a sua filla? Deixarlle

pan seguro é obriga d'un bon pai como vosté.

SIDRO.—¡Oites, meu siñor! Obriga d'un bon pai é termar d'os seus fillos según os seus medios, e faguel'os ricos d'a y-alma, anque sían probes de fertuna; e teño a galanía de dicirlle qu'a boa fada d'o tío Sidro ten por heideira a miña Pilara, qu'anque filla d'un mariñán, foi deprendida d'o millor, ben que drento d'os meus posibres.

D. LOÍS.—¿De modo e maneira que non lle compre o meu ofrecimento? *(Erguese).*

SIDRO.—Non, abofé! *(Erguese).*

D. LOÍS.—Pénse-o ben, tío Sidro.

SIDRO.—Está pensado; o dito, dito.

D. LOÍS.—Pois... páse-o ben.

SIDRO.—Vaya con Dios. *(Vaise don Lois).*

CONVERSA 6.ª

Sidro.

—*(Andando pouco a pouco e caviloso).* Qu'os vapores matarán âs barcas... Ben pode ser verdá, sin ser cousa de milagre... Os vapores han mêster de xente mariñeira, e como fan caladas todol'os días, os armadores poden axustal'a xente por mes, e máis val un sabido qu'un quen sabe... Certo; cada novo vapor pesqueiro será unha barca menos por falla d'homes... Si os meus son de lei, deixarme non han... Pro ¿quén quita que lles entr'a cobiza, e troquen a barca pol'o vapor?... Outro perigo máis grande maxino: c'a fartura d'o peixe, virá en baixa n-a praza, e non se porá loitar... Destonces as barcas podreceránse n-as ribeiras... ¡Fágas'a voluntá de Dios...! *(Séntase a carón d'a mesa, caviloso).*

CONVERSA 7.ª

Sidro e Pilara, (saindo pol'a dereita).

PILARA.—*(Indo cara seu pai).* ¿Qué lle pasa, ñor pai? Parece que está tristeiro... *(Apérta-o).*

SIDRO.—*(Axeitándo-a).* Nada, Pilariña, nada; é qu'a conversa con ese D. Loís púxome un pouco muscho; pro xa pasóu. Viñeches tí, vin a tua cara de sol, e xa me tes tan alegre com'un día craro...

PILARA.—¡Hou, pai d'a miña vida! Quixera ter dous corazóns...

SIDRO.—¿Pra qué, neniña?

PILARA.—¡Pra querel'o cos dous!

SIDRO.—¡Miña xoya! Si es un anxe, ¿pra qué máis?... *(Cambeando d'e xeito).* Escoita, Pilariña, séntate preto de mín; ímos parolar un pouco. *(Séntase Pilara n-un escabeliño a carón de Sidro e c'ollell'as mans).* Dime, ¿fai moito que non tes carta de Daniel?

PILARA.—Vai pra dous meses; pro como dicíame qu'iba a finil'o compremiso de catro anos, feito c'a casa navieira, pra vir e casáremos, o millor día chega sin dar aviso.

SIDRO.—Sempre tiven a Daniel por leal y-honrado, e fólgome de que faredes boa xuntanza. Hoxe máis qu'onte deseyo de que, non tardando moito, logo esté de volta.

PILARA.—Desear... ben o deseyo eu tamén, qu'a miña y-alma ten-o decote diante de mín; ma esa presa que dí vosté, meu pai...

SIDRO.—Direiche, miña filla; desque D. Loís falóume d'un trato, estóu como si tivera unha cobra mordéndome n-o peito. Non sei por qué vexo pantasmas; sinto medo por tí, Pilariña...

PILARA.—¡Veig'o demo d'home! ¿E qué lle dixo? ¿Qué trato foi ese?

SIDRO.—Verás: mercóu don Loís un vapor pesqueiro, e quiría axustarme como patrón.

PILARA.—¿E vostede?

SIDRO.—Neguéime, anqu'agradecendo a fineza.

PILARA.—Fixo ben; non cómprem'ese home.

SIDRO.—¿E por qué, Pilara?

PILARA.—Por atrevido.

SIDRO.—¿E logo? ¡Conta, conta!

PILARA.—Cando veu cabo de vosté, saín a ver quén chamaba; e tomóuse comigo licencias de verbas que non debe sofrir unha muller decente.

SIDRO.—¡Larchán! ¿E tí?

PILARA.—Dinll'a resposta que merecía; ma ¿de qué ten medo?

SIDRO.—Teño medo d'o día en que, vencido n-a loita, non poida este probe vello ganal'o pan pra tí...

PILARA.—*(Con moito peito)*. Escorrente esas brétemas, meu pai; cando tal cousa chegase, Pilara, a sua Pilara, o ganará pr'os dous! Non educóume c'o sagreficio d'os seus aforros? ¿Non pagóume escolas n-a vila pra faguer de mín unha muller de proveito? ¿Non sei lêr y-escribir e contar e d'agulla e de cociña e de gobernal'a casa? *(Con riseira)* ¿Non dí o siñor abade que son unha pisquita moi lîda...? ¡Pois a groria saberam'o pan, fillo d'o meu traballo! Y-a máis, vai sendo tempo de que vosté folgue d'os trafegos d'o mar.

SIDRO.—Tí es un anxe, Pilariña, qu'alumeas a miña y-alma. Tan boa deute Dios, que receo de non merecerte.

PILARA.—Dios é o bon, meu pai; de vosté deprendín a bendecil'o.

CONVERSA 8.ª

Os mesmos y-os mariñeiros d'a barca.

MARIÑEIRO 1.º—¿Pódese pasar?

SIDRO.—¡Adiante a boa xente!

MARIÑEIRO 1.º—¡A paz de Dios, tío Sidro!

SIDRO.—El veña convosco, rapaces. Arrechegade ese tallo e sentádevos. E tí, Pilara, trae pra que boten un vaso estes compañeiros. *(Vaise Pilara pol'a dereita, e volve de contado c'un xarro y-un vaso que pousa n-a mesa, indose axiña. Mentres sigu'a conversa, Sidro vai sirvind'o viño á xente).*

MARIÑEIRO 1.º—Pois vimos pra quedar n-a hora de irmos mañá de costeira.

SIDRO.—O romper d'o día, s'il parécevos ben, poremos soltal'o trapo.

MARIÑEIRO 1.º—Está ben; e... non sab'o que pasa, tío Sidro?

SIDRO.—E ¿qué pasa, ho?

MARIÑEIRO 1.º—Pois... que don Loís ándall'axustando mariñás pr'o seu vapor.

SIDRO.—Home, eso non ten que lle digan. Si mercóu o vapor ha d'equipal'o, e con mariñeiros terá que ser.

MARIÑEIRO 1.º—Sí, pro d'ese xeito, as barcas acocharanse n-a area, como acontécell'a d'o tío Roque, porque quedóu sin homes.

SIDRO.—¿Quedóu sin homes, dis?

MARIÑEIRO 1.º—Sí, siñor; enroláronse todos pr'o pesqueiro de don Loís.

TANASIO.—*(Con coraxe).* ¡Mal feito! ¿oís? ¡mal feito!

SIDRO.—Terma, Tanasio; son cousas d'homes: mudarse por millorarse.

TANASIO.—¿Y-a ley ô pan comido, tío Sidro?

SIDRO.—Tí ben falas, Tanasio; pro quén deixa

a sua comenencia pol'o interés d'outro? Eisí é o mundo y-eisí socedéu sempre. O que ten dous, deseya catro; o que ten catro, cobiza dez...

TANASIO.—Pois de mín digo que non me soparara de vosté, por moito que me deran!

SIDRO.—Y-eu dígovos, rapaces; quérovos ben a todos; ma si vos solicitan pra millorare, pensade n-o que máis vos conveña e non n-o tío Sidro. *(Cambeando de xeito).* ¡Ei! A paz de Dios. *(Erguese).*

TANASIO.—Hastra de mañá! *(Vanse os mariñeiros).*

CONVERSA 9.ª

Sidro. (Caviloso).

—Probe Roque! Cheo de familia e de disgracias, y-agora sin xente pra ir ô peixe... ¿Qué vai ser d'eles?... Non!; non dirá que Sidro déixa-o sin achego... Vou cabo d'il, e si quer, seremos dous a patronear en compaña... *(Indo â porta d'a dereita).* ¡Pilara!

CONVERSA 10.ª

Sidro e Pilara.

PILARA.—¿Chamábame, paiciño?

SIDRO.—Sí, miña filla. Vou cabo d'o tío Roque por mor d'un trato que non ademite espera. Fago de mentes de volver cedo; pro si m'eu retardara, xa sabes ond'estaréi. *(Axéita-a)*

PILARA.—Pois hastra logo, siñor. *(Apérta-o e vaise pol'a dereita a tempo que Sidro vai sair pol'a portalada).*

CONVERSA 11.ª

Sidro, (volvéndose dend'a porta), **o Pedáneo e dous máis.**

PEDÁNEO.—Disimule, tío Sidro, si chegamos de mala hora; pro non hai tempo que botar de perda, e por eso...

SIDRO.—*(Conír'o seu chaleque)* ¡Bon ollo me vexa! *(O Pedáneo)*. ¡N-hai de qué! Pra todo hai meliciña, menos pr'a morte. Séntense e falen. *(Séntanse)*.

PEDÁNEO.—Pois vimos falar sobre d'o enguedello de Froilán.

SIDRO.—¡Hou, esventurado mozo!

PEDÁNEO.—¡Ben-o pode dicir! E com'o Xurado concéllase trasmañá, e com'a vosté tócalle d'ir, vimos de parte de D. Filipe... ¡xa sabe!

SIDRO.—*(Con noxo)*. Sí; xa sei: o mandón d'o distrito n-o que fai e desfái canto lle peta.

PEDÁNEO.—Vimos d'a sua parte pra pidirlle que ceiben a Froilán.

SIDRO.—*(Botando lume)*. ¡Seica D. Filipe pensa que Sidro vend'a sua concencia!

PEDÁNEO.—¡Non é pra tanto, ho!

SIDRO.—¡Que non é pra tanto! E vos que vides con ese encargo, ¿non vos decatades que Sidro non é un sinvergonza a quen dáselle de voltas com'un argadelo?

PEDÁNEO.—¡Oites, tío Sidro!

SIDRO.—¡Calade, probes rodas d'un carro que vai deixando pol'os carrexos vágoas queimantes e sangue que cram'ô ceo! Nin por D. Filipe nin pol'o Rei, si m-o pidira, torce Sidro a concencia. Como home, compadézome d'o disgraciado Froilán; como xués, non bulraréi â Xusticia.

PEDÁNEO.—Por maneira, que vosté condenará a Froilán...

SIDRO.—¡Cala, prob'escravo, cala! Quen condena é a lei. Froilán acometéu traicionero ô fillo de Roque,—sábe-o tod'a parroquia;—e don Filipe traballa pra qu'o ceiben, porque sírvelle d'escravo como vosoutros, e non lémbrase d'os orfos qu'o morto deixóu nin d'o vello, xa canso pr'o traballo.

PEDÁNEO.—¿E non recea que don Filipe se noxe?

SIDRO.—Eso adivíñase, ho; mail'os homes han mirar si fan ben ou fan mal; non si noxan ou contentan a ninguén. *(Vai escurecendo).*

PEDÁNEO.—Pois téñas'as resultas!

SIDRO.—Esas verbas son unha oubeada de lobo; medo non me pon. Sidro xamáis s'estemoreceu nin cand'o mar ruxindo érguese coroado de ferventes escumas, semellando hirtos montes cubertos de brancas tocas; porque sobre d'elas está Dios, Siñor d'a vida e d'a morte, e s'un home ha morrer afogado, o mesmo afógase n-o mar que n-un regato. ¿Védel'as ondas fincharse, fincharse, hastra qu'estromban, zoando e bruando, desfacéndos'en milleiros de pingotas, y-outro día mainas e lisiñas com'un espello...? ¿Quén as fincha? ¿Quén as terma?... As malas pasiós d'os homes, a envexa, a cobiza, a fame d'ouro, a sede d'o mando finchan tamén ôs homes, y-érguense soberbios riba d'os demáis, como si os demáis foran un fato de carneiros; mais sobre d'eles tamén está Dios, que consinte e non pra sempre... Ises demos, en facha d'homes, han morrer; anqu'as veces parecen ter coiro de lobicán; e tan cheo de veneno teñen o sangue, que si os lastraran como esterco n-un herbal, emponzoárans'as herbas e matarían o gado qu'as comese.

PEDÁNEO.—Tío Sidro, vosté garda malaquerencia pra D. Filipe, y-o fin y-o fallo, un home ha de tel'o mando.

SIDRO.—Un home, sí, pro escolleito pol'o libre consentimento d'os máis; non pol'a tiranía e comenencia de catro larchás. Vosoutros, y-outros como vos, tédel'a culpa. Alá en terras d'alén, fan os mozos n-o día d'a festa mayor, as torres d'homes. Xúntanse catro d'os máis varudos e fíncanse c'os brazos pol'os hombros d'os d'a carón. Enriba d'estes catro brincan outros catro que s'agarran d'o mesmo xeito. Agavean sobre d'os últimos outros

tres, e sobre d'eles outros dous, e sobre d'estes, un, portand'unha bandeira. ¿Quén se porá c'aquel xigante de sete metros d'alto? Terman us d'os outros, mais sí os dembaixo soltáranse, a torre s'esmendrellara, y-o abandeirado non quedaríanlle ganas de volver a sel'o. Os que como vos facedel'a torre d'end'a c'o amo mostra a bandeira d'a tiranía, ¿tedes máis que ceibaros pra que non quédenlle dentes ô lobo, poutas â raposa, veneno ô alacrán?

PEDÁNEO.—Non, vosté falar ben fala; mais nos somos grillós d'unha cadea, e ai! d'o que sone con rompel'a.

SIDRO.—¡Cadea de ferro com'a d'o presidario! Cand'os homes non sían lobos pr'os homes, senón hirmás, anque c'as fallas que todos temos, non haberá tirans retorcedores d'as leises, y-a paz y-a xusticia reinarán n-os pobos.

PEDÁNEO.—¿Qué dicímosll'a D. Filipe?

SIDRO.—Está dito e falado. Acabouse! *(Erguese).*

PEDÁNEO.—Pois boas noites. *(Vanse).*

SIDRO.—Ide con Dios.

(Anoitece).

CONVERSA 12.ª

Sidro.

– Qu'un home de ben teña d'oir tales proposiciós! E qu'haxa homes com'eses que sirvan de rodas e martelos e cordeles pra enrodar y-acunar y-aforcar ôs seus viciños...! Hastra d'hoxe non metéronse comigo; respetáronme sempre... Temer, non témolles; pro nunca estivo de máis a boa garda. C'os cás doentes hai qu'ir previdо... Vai a ser noite, e teño de ver a Roque. *(Vaise pol'a ezquerda e sai de contado reconocendo un revólver que*

leva n-a man dereita). É de cinco tiros, pro non ten máis de catro balas; e creyo de mín qu'abondan pra escorrental'as meigas si s'atravesan n-o camiño. *(Mete a arma n-o peto d'os calzós).*—¡Pilara! ¡Hastra logo! *(Camiñando us pasos cara â porta d'a dereita, e indose de contado fora).*

CONVERSA 13.ª

Pilara.

—¡Adiós, paiciño! *(Saindo pol'a dereita. Vai â portalada, pecha a porta c'a tranca, e vúlvese pr'a dianteira).* Xa é noite. Botaréi lus, e comporéi esa rede mentres meu pai volve. *(Sai pol'a dereita e da volta axiña c'unha vela acesa que pon sobre d'a mesa).* Eisí. *(Coll'a rede por unha punta, e séntase pra reconocel'a e reparal'a).* —Meu pai casa de Roque xa d'anoitecido... ¡Qu'asunto tan de súpeto terá qu'arreglar...? O probe d'o vello, desque matáronll'ô fillo, non veu día craro. ¡Malia quen teceu a disgracia d'esa familia e cubríu de negra noite o chan d'os esventurados orfos...!

(Petan n-a portalada).

CONVERSA 14.ª

Pilara, logo Tanasio.

PILARA.—¿Quén chama? *(Deixa o labor e vai â porta).*

TANASIO.—*(Dende fora).* Son eu, Tanasio.

(Pilara despecha a porta).

TANASIO.—*(Entrando).* Trayo unha nova pr'o tío Sidro.

(Pilara bota a porta).

PILARA.— Meu pai non está n-a casa.

TANASIO.—Destonces, voume... Pr'o caso é...

pois... ten que sabel'o antes de mañá, porqu'eses lampantís... Eu tampouco quixera que tí te noxaras... *(Encolleito).*

PILARA.—S'é cousa qu'eu poida saber, séntate e fala; de non sere así, e queres agardar, agarda, Tanasio, a que meu pai volva. *(Séntase e colle outra vez a rede).*

TANASIO.—Non, Pilara, non; nin séntome nin agardo; y-anque quixera qu'a léngoa se me partira en troques de te non dar a máis pequena tristeira, ô fin has conocel'o conto, e quizaves sía millor dicircho de contado.

PILARA.—Séi qu'eres mozo de lei, Tanasio, de bos sentimentos y-agradecido; pro non máis me fritas. Falaches de lampantís... ¿Quén son? ¿Qué socede? ¡Fala craro e axiña! *(Con alma).*

TANASIO.—Os lampantís son os compañeiros d'a barca. Cando saímos d'eiquí, atopamos n-o camiño c'o diaño de D. Loís; e parola, parola, léva-s'a xente d'o tío Sidro pra seu pesqueiro, non sendo a mín, porque neguéime. ¡Non fallaba máis!

PILARA. —¡Virxe d'o Mar bendita!

TANASIO.—E com'habíamos de sair ô rente d'o día, coidéi que debía avisar ô tío Sidro...

PILARA.—Dios cho pague, Tanasio!... Non; a noticia non é boa; ma non hai qu'acusal'ôs que nos deixan pra buscar millor fertuna. Eu amañaréime de maneira que meu pai non-o tom'a peito e se doya.

TANASIO.—Por aforrarvos a él y-a tí unha bágoa, Pilara, faría calquer sagreficio!

PILARA.—Es moi leal, Tanasio; ¡páguech'o Dios!

TANASIO.—¡Qué m'ha pagar, s'estóu pagado a cheas!... Qu'houbera sido de mín si tío Sidro non m'amparara dende pequeno! Orfo n-o mundo, tiven n-él un pai, e como fillo tratóume... Y-a tí, Pilariña, ¿qué ch'hei dicir...? Que miro pra tí como

mírase pra Nosa Siñora. Cando de xionllos n-a eirexa poñ'os ollos n-a Virxe d'o Mar, alí está Pilara que me sorrí; cando n-os trafegos d'a pesca, vexo sair pol'o cume d'o monte a prateada lua, ou acochars'o sol tras d'o mar ledo, n-o cerco d'a lua estás tí, feiticeira, e n-a roda d'o sol, c'os seus cabelos d'ouro, véxote fermosa e garrida; cando...

PILARA.—*(Cortándoll'as verbas).* Abonda, Tanasio, ¿onde vas parar?

TANASIO.—*(estemorecido).* Perdona, Pilariña, e non t'asañes... Non pódet'ofender quen mataría ô atrevido que con solo o alento t'abafase! *(Con alma).*

PILARA.—Pro, eso, é requirirme d'amores...!

TANASIO.—Non, Pilara; ¿cómo t'hei cortexar si sei qu'has ser pra Daniel, pois cand'il veña, casarédevos? Non; esto é desfogal'o corazón, dicíndoche que te quero c'un querer d'hirmá... non; máis que d'hirmá...; c'un querer que nin pide nin agarda correspondencia...; como quérese ô qu'está moi enriba de nos; como quérese â Virxe, Nosa Siñora!... Casaráste, e si véxote ditosa, seréi ditoso... ¡Qué noxo pode darch'a miña adouración...! *(Con moito aquel).*

PILARA.—¿Y-a santo de qué dícesme todo eso, Tanasio?

TANASIO.—Non saira d'o meu peito si non tremase qu'un mal ollo póusese sobre de tí. Dígocho, Pilariña, pra que seipas qu'a máis d'o teu pai, mentres non veña o qu'ha ser teu home, hai quen t'ampare e defenda, si é mêster, qu'un brazo forte nunca foi estorbo n-as ocasiós; que s'hai raposas cobiceiras d'as galiñas, tamén hai quen vive alerta pra lles cortal'a volta.

PILARA.—Mira, Tanasio; moito agradezo tan xenerosos sentimentos; leo en tí como n-un libro aberto, y-ademiro tanta nobreza d'alma; ¿pro tí

non sabes que dal'a cara por unha muller fai falar âs malas léngoas?

TANASIO.—As malas léngoas ¡arríncanse!

PILARA.—Non, Tanasio, as malas léngoas féchanse non dándolles masa pra faguer tortas.

TANASIO.—Y-as malas obras, Pilara?

PILARA.—¡As malas obras...! ¿Quén e por qué hame faguer mal?

TANASIO.—¿Quén? D. Loís, levándos'os mariñeiros d'a barca de teu pai. ¿Por qué?... Algo olisquéi d'os seus ruís pensamentos, e xuro a Dios que...

PILARA.—¿Qué dis...? *(Erguese).*

TANASIO.—Nada, Pilariña... ¿Non son os cás de palleiro pra gardal'o chan?

PILARA.—Pro dime, ¿qué receas?

TANASIO.—Non-o sabería expricar... ¿Falouch'ese home?

PILARA.—Falóu esta tarde.

TANASIO.—¿Onde?

PILARA.—Eiquí.

TANASIO.—¿Y-a qué veu?

PILARA.—C'o gallo d'agardar pol'o meu pai, díxome requilorios e desvergonzas.

TANASIO.—¿E despóis?

PILARA.—Respondinll'o que merecía, y-entreime n-a casa; destonces chegóu meu pai.

TANASIO.—E c'o tío Sidro, ¿non sabes de que parolaría?

PILARA.—Sí, que m-o dixo; facíalle trato de darll'a patronía d'o pesqueiro.

TANASIO.—¿E tío Sidro?

PILARA.—Díxolle que non.

TANASIO.—¿Non tivo outros visiteiros?

PILARA.—Sí tivo; pro non sei quén.

TANASIO.—Eu sí o sei, porque tropecein-os n-o camiño, e pilléi algo d'a sua conversa. Ora, pois, escoita: de ningún modo vaya tío Sidro ô

Xurado; de costeira xa non pode ir mañá, e fólgome d'eso; eisí, él n-a casa y-eu dende fora, poremos tornal'as meigas.

PILARA.—Pro dime, ¿qué maxinan eses diaños?

TANASIO.—Pol'o que parece, D. Loís veute n-a vila algunha vez, e desque te veu toleaba por tí. Nin sabía quén eras nin deu contigo, hastra qu'o demo, que cousa boa non foi, tróuxo-o pra falar c'o teu pai; e vel'ahí tes, agora que sab'onde estás, abríronsell'as ganas...

PILARA.—¡Hou, Virxe Santisma! E meu pai fora d'a casa!...

TANASIO.—Non t'estemorezas, Pilariña; d'ela serei can de palleiro; y-adiós, qu'eu voume. Atranca ben a porta. *(Vaise).*

PILARA.—Adiós, Tanasio. *(Pecha a porta).*

CONVERSA 15.ª

Pilara. (Sentándose n-o mesmo tallo).

—Dios nos valla! Cantos agoiros en tan pouco tempo baten as negras áas sobre d'este chan! Os mariñeiros índose d'a barca; os ruís pensamentos d'ese home de Xudas; as verbas misteriosas de Tanasio... ¡Virxe d'o Mar, terma de nos!... Y-o segreto de Tanasio, es'amor sinxelo d'un corazón tan grande e tan homilde, ¿hei-n-o despreciar, ca non poido recibil'o?... Falar, non volverá falar d'il; pro amostraral'o cando menos se decate... ¿Cómo dicirlle que, de solteira, meu pai, e de casada, meu home, son os únecos que poiden dal'a cara por mín?... Si s'agradece a lei d'un can, ¿hei facer rachas tanta nobreza, hei pisar tanta lealtá...? ¿E cómo dígolle'eu: Non quero que me queiras, e si quéresme, non m-o digas nin m-o amostres? ¡Eu-

toleo!... ¡Ai, Daniel, Daniel! vou sospeitando que fas moita falla n-esta casa pr'escorrental'as meigas... *(Quédase cavilosa).*

CONVERSA 16.ª

Pilara y-unha Voz (dende fora).

(Tumban n-a portalada).

PILARA.—¿Quén chama?

A VOZ.—¡Pilara, teu pai, cando viña pr'aquí, mancouse, y-aló queda n-o camiño c'unha perna esmagada!

PILARA.—*(Correnḍ'â porta, e loitando pra soltal'a tranca que non se despecha hastra qu'a Voz cala).*—¡Meu pai magoado, hou Dios! *(Franquea a porta).* ¿Ond'il está, di? *(Non vendo a ninguén).* ¡Foise! *(Vólvese deixando a porta aberta).* ¡Virxe Santisma, valme! Chamaréi n-a pirmeira casa pra que m'acompañen... *(Descolga o farol, pendurado d'a paré y-acénde-o c'a vela, que mata).* ¡Qué disgracia! Hou pai d'a miña vida! Siguen os agoiros batend'as negras áas sobre de nos!...

(Vai sair as carreiras).

CONVERSA 17.ª

Pilara, D. Loís; dempóis Sidro, Pedáneo y Alguacil.

PILARA.—*(Encarándose n-a portalada con don Loís).* ¿Quén é? ¿Venm'axudar a traer ô meu pai? *(Erg'o farol pra reconocer a don Loís).*—¡Osús! ¡Arrenego! ¡O forasteiro! *(Faise atrás).*

D. LOÍS.—*(Adiantando dous pasos).* Sí, nena, pro hasme pagar por adiantado c'un bico *(da outro paso)* c'un bico y-unha aperta. *(Querll'os dar; Pilara fúrtase. Comenza a loita. Pilara intentando*

pillal'a salida; D. Lois porcurando de cubril'a porta e agarrar â rapaza).

PILARA.—¡Mala morte! ¡Hou galopín! ¡Socorro! ¡Hou gandulo!... ¡Viciños!... ¡Hou larchán!

D. LOÍS.—Están lexos e non t'oirán. Has ser miña!

PILARA.—*(Querendo fuxir, vese collida d'un brazo por D. Lois).* ¡Céibeme, ladrón! *(N-a loita, caill'o farol).* ¡Socorro! Virxe d'o Mar, valme! *(Consigue ceibarse, bótase atrás, e D. Lois pons'a cubril'a salida. N-esto, ois'un tiro e D. Lois cai redondo cara drento).*

PILARA—*(Espantada).* Virxe Santisma! *(Cai de xionllos e tápas'a cara c'as mans).*

SIDRO.—*(Parecendo n-a porta y-entontecido pol'o que ve).* ¡Filla! *(Adianta dous pasos).*

PILARA.—*(Erguéndose e botándose tola n-os brazos d'o pai).* ¡Hou pai d'o meu corazón!

PEDANEO.—*(Que chega c'o Alguacil n-o mesmo auto).* ¡Téñanse! ¡Ninguén se mova! *(O Alguacil).* Vaya cabo d'o Xués, voando. *(Recoll'o farol d'o Alguacil e reconoce o caído).*—¡D. Loís! ¡Morto ou mal firido! *(A Pilara).*—¿Quén o tumbóu?

PILARA.—*(Desprendéndos'a medias d'o seu pai y-erguend'o brazo dereito).* ¡A xusticia de Dios! *(Vólves'a botar n-os brazos d'o pai).*

(Cai o pano).

PARTE SEGUNDA

PIRMEIRO CUADRO

(Erguido o pano, vese un corredor ou carrexo d'o xusgado d'istrución).

CONVERSA 1.ª

Pilara. (Entrando pol'a ezquerda).

—Meu pai detido e quizaves dempóis preso... ¡Hou Dios! ¿Ond'está a xusticia d'os homes?... Eu chamada a decrarar diante d'o Xués... ¡Aluméame, Virxe Santisma, pra facer brilal'a inocencia d'o meu paiciño!... ¿Qu'hei dicir, meu Dios? *(Mete a man n-o seo e saca un papeliño).* ¿Qué dirá este papel que, preto d'a porta, deume Tanasio, botando logo a correr sin darm'unha verba? *(Lee).* «O can de palleiro trabóu e vixila. Ten confianza.» *(Cavilosa gard'o papel).* O can de palleiro trabóu... ¡Dios d'o ceo!... ¡Xa teño lus!... ¡Foi él! ¡Foi Tanasio!... ¡Xa teño n-a man a salvación d'o meu pai!... *(Espantada).* ¡¡Hou!! *(Tápas'a cara c'as mans).* Denonciar ô que me libertóu d'as gadoupas d'o inferno!... Meter n-o cárcere ô salvador d'a miña honra!... Dicirll'ô siñor Xués: «O que tumbóu a aquel home foi...» *(Con toda a y-alma).* ¡Endexamáis!... Pro, ¿e meu pai adourado...? Si prénden-o por sospeitas y-envólven-o en papeles d'a curia, vítima quizaves de nimigos traicioneiros, conde nado ô fin, morrerá de dolor e de vergonza, y-eu

morreréi tamén... ¡Virxe Santisma, váleme!... ¿Qu'hei facer?... ¡Salvar ô meu pai!... ¡Hou, paiciño! Si tí souperas qu'a tua filla pode poñerte libre c'unha sola verba, pro qu'esa verba bota a presidio ô amigo leal que tornóu o deshonor d'a miña frente e d'as tuas cañas, renegarías d'a mala muller que con negra traición vendía ô noso salvador; chamaríasme filla descastada, filla maldita!... *(Estemorecéndose).* ¡Hou! ¡Seica vou tolear!... ¡Fai o milagre, Virxe, de que poida salvar a un, sin perder a outro! *(Vai a sair, chorando, pol'a dreita a empo que entra Sidro pol'o mesmo lado).*

CONVERSA 2.ª

Pilara, Sidro.

PILARA.—¡Pai quirido!
SIDRO.—¡Filla adourada! } *(Apértanse).*

SIDRO.—¿Tí n-o xusgado?

PILARA.—Chamóum'o siñor Xués pra decrarare.

SIDRO.—O mesmo vou facer eu.

PILARA.—¡Hou pai d'a miña vida, qué mal ollo nos veu!

SIDRO.—*(Xeitosamente).* ¡Sosega, miña filla! ¿Tes en paz a concencia? ¿Podes erguel'a testa así, com'eu, limpa de ruís auciós? Pois deixa que Dios termará d'os seus, e sacal'os ha con ben d'iste trebón.

PILARA.—Pro, meu pai, vosté non sabe quén deu o tiro a aquel gandulo, y-eu, sí.

SIDRO.—*(Con toda a y-alma).* ¿Sábel'o tí, miña filla?

PILARA.—Sí, siñor; escoite. Cando vosté saíu pra ver a Roque, chegóu Tanasio, perguntando por vosté, pra dicirlle que xa non poderían sair de costeira, ca don Loís había enrolado a xente da barca, menos él. Destonces falamos un pouco,

máis, e díxome: «Teño os meus aqueles de qu'un raposo anda cheo de cobiza por tí. Fai qu'o teu pai non saya d'a casa, e namentres coida que Tanasio será o can de palleiro qu'a defenda de lobos famentos» Y-agora, cand'eu iba a entrar n-o xusgado, apareceuse Tanasio, e, sin darm'unha fala, púxome n-as mans este papel. *(Dall'ô pai).*

SIDRO.—*(Lêndo).* «O can de palleiro trabóu e vixila. Ten confianza.»

(Sidro rach'o papel en cachiños e dall'os â filla).

SIDRO.—Gárdaos, y-unha vez n-a casa quéimaos.

PILARA.—*(En voz baixa).* ¿E qu'hei dicir, pois, ô Xués cando il me pergunte?

SIDRO.—*(Con moito lume, anque en voz baixa)* ¡Cala, filla, cala! ¡Qué ninguén se deporcate! ¡Honra por honra! ¡Lei por lei!

PILARA.— *(Angustiada).* ¿E vosté?

SIDRO.—*(Cheo de fe).* ¿E Dios?... Deixa que poña un bico n-a tua frente... *(Cóllell'a testa c'as duas mans y-a mira embelesado).* ¡Cómo brila n-ela a limpeza d'o teu corazón! *(A bica).* ¡Ai! si denonciaras a Tanasio, non poderías endexamáis erguel'a así, así, *(erguéndolla)*, como agora...!

PILARA.—¡Hou, pai ademirable!

SIDRO.—*(Baixando mail'a voz).* Nin unha verba máis, Pilariña. As paredes oyen.

(Sintense pasos).

SIDRO.—Imonos, que ven xente. *(Vanse pol'a dreita).*

CONVERSA 3.ª

O Xués, don Pablo, e don Filipe.

(Entran pol'a ezquerda).

D. FILIPE.—Será mêster procesar a Sidro, don Pablo.

XUÉS.—S'hai por qué, faráse, D. Filipe. Hastra que fal'o médico...

D. FILIPE.—¿E non hai abondo c'as pirmeiras istruciós?

XUÉS.—Non, por certo. Un home que cai ferido n-a portalada d'unha casa allea; o dono d'a casa, que chega no auto de caer D. Loís; unha rapaza que, tola de espanto, bótase n-os brazos d'o seu pai... Eso foi o que viron o Pedáneo y-o Alguacil que, facend'a ronda, chegaron d'aquela.

D. FILIPE.—Ai, siñor don Pablo, ¿y-o revólver de cinco tiros con catro balas solasmente...?

XUÉS.—Eso pode ser algo, e pode non ser nada. Cando o médico bote fora d'a ferida o proyeutil, xa se verá.

D. FILIPE.—¿Y-a proba d'indicios? Sábese que don Loís enrolóu ôs homes d'a barca de Sidro pro seu pesqueiro, como enrolóu ôs d'a barca de Roque; sábese que Sidro chegaba d'a casa de Roque cando socedéu o crime; e non sería milagre que n-a testa d'os dous, pra vingarse de quen obrigáballes a amarral'as barcas, nacera o pensamento de quital'o d'o medio. ¿Non cae ben aquí aquelo d'o *cui prodest?* ¿Y-a quén aproveitaba a morte de don Loís?

XUÉS.—Non faría vosté mal fiscal, don Filipe; pro escoite: ¿qué facía n-aquela casa e d'aquela hora don Loís?

D. FILIPE.—¿E non sospeita tamén d'esa andrómena?... Unha muller nova que cita a un home, pra que n-o conto d'a cita cheg'o pai, e c'o gallo d'unha falcatrúa, péguell'un tiro ô visiteiro... Esa xente élle moi maliciosa, e, demo non digas, que pódese crêr todo.

XUÉS.—Logo, según vosté, don Loís foi como paxaro ô reclamo.

D. FILIPE.—Home, eso adiviñase; a rapaza é bon bocado, e si a un convídan-o... je!... je...!

XUÉS.—Ben, don Filipe, ben; por maneira que tentativa d'asesinato, con premeditación, alevo

sía, noiturnidá e máis gravantes d'o Código....

D. FILIPE.—É un parecer, don Pablo, é un parecer; mail'a sua cencia y-experencia non percisan de conselleiro. Pro... deixemos eso. E falando d'outra cousa, ¿non sabe que vai quedar valeira unha praza de maxistrado n-a Audencia...? Por certo, qu'o Xefe político d'a porvincia díxome que s'eu tiña algún amigo... Si cómprell'o ascenso, siñor Xués, n'hai máis que falar.

XUÉS.—¡Moitismas gracias, don Filipe! Vosté sempre tan disposto pra sirvir os amigos, e sempre aproveitand'as ocasiós. Doulle moitas gracias, anque pol'o d'agora, non córreme presa.

D. FILIPE.—Non hai de qué dalas; eso e máis merece un xués reuto como vostede, que non se casa c'os pillos.

XUÉS.—Pois dígolle que teño o sentimento de qu'anden ceibos algús d'os d'enriba, porque non hacho modo de botal'os a presidio. ¡Si soubera, D. Filipe, as ganas que teño d'apiolal'os...!

D. FILIPE.—*(Un pouco sorpreso)*.—¡D'enriba!

XUÉS.—Sí, certo; d'os qu'empregan mal o seu diñeiro, o seu poder y-o seu favor, comportándose como tirans, póndos'as leises por monteira, acendendo lume n-os corazós, ira n-as concencias, prevaricaciós n-os xueces, anarquía n-a sociedá!... ¿Verdá, don Filipe, que pra eses galopís debería haber un presidio máis duro que pr'os demáis...?

D. FILIPE.—*(Receoso)*. Sí, siñor, sí... Pro, don Pablo, voume, que vosté ten que facer aquí...

XUÉS.—Adiós, don Filipe; (*dándoll'a dreita, e c-a ezquerda unhas palmadiñas n-a espaldra*); repítoll'as gracias. Vosté está moi alto, pro s'houbera xusticia n-os gobernos, inda o veríamos máis alto: (*con retranca*) â altura d'os seus merecimentos.

D. FILIPE.—(*Sin decatarse*). ¡E favor, siñor Xués!...

XUÉS.—Nada, nada; páse-o ben. (*O despide pol'a ezquerda e vaise pol'a dreita*).

SEGUNDO CUADRO

(Ergues'o pano dianteiro, y-amóstrase a sala d'o xuzgado. Debaixo de dosel o retrato d'o Rei. Sentados â mesa Xués y-Escribano).

CONVERSA 4.ª

Xués y-Escribano.

XUÉS.—¿Están como é debido as autuaciós d'anoite?

ESCRIBANO.—Están, sí, siñor.

XUÉS.—Faga o favor de chamar por Sidro.

ESCRIBANO.—(*Ind'a porta*). ¡Qué pase o siñor Sidro!

CONVERSA 5.ª

Xués, Escribano e Sidro.

SIDRO.—(*Adiantando hastra poñerse cara ô Xués, c-a gorra n-a man e facend'unha reverencia*). ¡Bos días teña a sua señoría!

XUÉS.—Bos días, Sidro. Dend'o istante pirmeiro parecéum'un home de ben.

SIDRO.—Téñome por tal, siñor Xués.

XUÉS.—E porque parecéum'o, non ordenéi de procesal'o, dempóis d'o erguemento d'o firido; pro é mêster que vosté axud'â xusticia pra qu'o causante d'o crime...

SIDRO.—(*Con moita ealma*). ¿De cal crime, siñor Xués...?

XUÉS.—Home, d'a tentativa d'homecillo...

SIDRO.—De maneira, que pr'a xusticia d'os homes, non houbo anoite máis delito qu'ese? ¡Vaites, siñor Xués! Un ladrón d'honras alleas, apro-

veitándose d'a miña ausencia e mediante unha mintira, consigue qu'a miña filla,—o máis rico tesouro d'o mundo,—se dispoña a sair d'a casa, sola, de noite, pra correr cabo d'o seu pai que, según o recado que berraron dende fora, estaba caído n-o camiño, c-unha perna esmagada... Consiguiron qu'a porta s'abrira... Logo, a loita non podería ser longa entre un home forte y-unha nena floxa; oita d'un paxariño y-un gato; pro, com'hai Providencia, un tiro librόu ô paxaro d'as feras gadoupas. ¿Y-ond'hai máis delito, siñor Xués; n-o tiro que tumbόu ô ladrón, ou n-o ladrón qu'intentόu roubarm'a honra d'a filla y-a fada d'o pai?

XUÉS.—Esa é unha cara d'o enguedello; ¿e si tivera outra?

SIDRO.—¡Outra cara!

XUÉS.—Sí. Vosté e máis Roque, cobizando vingarse de D. Loís por mor d'o enrolamento d'a xente d'as duas barcas, cavilaron de dispor unha ratoneira pra que D. Loís caíse n-ela. O cebo siría a sua filla. Vosté sairía d'a sua casa, armado, y-escondido preto d'a portalada, cando don Loís fos'a entrar n-a trapela, vosté daríalle gusto ô dedo.

SIDRO.—(*Todo espantado*). ¡Dios me valla! ¡Pro iso é un delirio d'o inferno! ¡Eu facendo d'a miña filla infame istrumento! ¡Eu querendo matar a don Loís, pol'o conto d'a barca! ¡Eu, tan ruín, tan miserable, tan mouro de concencia que poidera lixugal'a y-alma d'anxe d'a miña Pilara...! (*Fervendo de coraxe*). ¡Hou, siñor Xués! Eses falsos testimonios non teñen perdón nin n-a terra nin n-o ceo! ¡Quén tal maxinόu merece unha cadea!... ¡Hou, siñor Xués, pense de mín, de Sidro, como queira; pense d'este home, hastra d'hoxe respetado pol'a sua fada d'home de ben, qu'é un larchán; pro muschar c'unha sola verba a inocencia d'a lus d'os meus ollos, eso é inxuria contra Dios, e de Dios embaixo non consíntoll'a ninguén...!

XUÉS.—Soséguese, Sidro, y-escoite. Eu non afirmo eso; dixen qu'era outra cara d'o enguedello, e non ha faltar quen-o afirme.

SIDRO.—¡Pois quen-o diga será un gandulo!

XUÉS.—Deixémonos de verbas inútiles; deixemol'a palla, e vamos ô grao. Axúdem'a busca-l'a verdá entremedias d'as brétemas qu'a envolven.

SIDRO.—A verdá está dita, siñor Xués, y-a verdá non pode ser máis que d'un xeito.

XUÉS.—Pro é mêster probal'a, Sidro, pra que brile diante d'os ollos. ¿Quén tiróu?

SIDRO.—¡Diol'o sabe! A mín quédam'a espiña de non sere eu quen castigóu o lobo carniceiro, lavand'a miña honra n-o sangue d'o bandido.

XUÉS.—De maneira, que si vosté chegara o pirmeiro, houbera disparado?

SIDRO.—Cen veces, siñor Xués, pra vir logo cabo d'a sua señoría, e dicirlle: «Quixeron roubarm'o meu ben, e defendin-o, matando.»

XUÉS.—Y-eu responderíalle: «En virtú d'o que decrara, dése preso.»

SIDRO.—E preso dérame, confiado en qu'a xusticia ceibaríame de contado.

XUÉS.—¿Cómo podería ser eso?

SIDRO.—Por lei d'os homes e por lei de Dios. ¿Cándo foi delito matar un tigre furioso ou lobo doente?

XUÉS.—Mais non tratándose d'a vida...

SIDRO.—Oites, siñor Xués: ¿cal é de máis prezo, a vida ou a fada?

XUÉS.—Pra vindical'a fada están as leises.

SIDRO.—¡Hou! ¡Hou!... ¿Ond'están as leises que devolvan a honra d'unha muller desflorada? ¿Póde-a devolvel'a xusticia? ¿Póde-a devolver o mesmo ladrón?

XUÉS.—Pro Dios dixo: «Non matarás.»

SIDRO.—Tamén dixo: «Non cobices muller allea.»

XUÉS.—Matando, faise imposibre a reparación.

SIDRO.—¡Reparación, siñor Xués!... Morto un home, pode Dios resucital'o; mais Dios, con tod'o seu poder, non fará qu'a muller que deixóu de ser virxe, volva a sel'o! ¿Ond'está a reparación?

XUÉS.—A sociedá dase por satisfeita cand'o desfollador cásase c'a muller ofensa.

SIDRO.—¡A vítima c'o verdugo! ¡Isca d'ahí!... ¡A sociedade! Pro s'o ofenso son eu n-a miña filla, ¿qué teño de ver c'a sociedá que me non pode cural'a firida d'a y-alma que día e noite berraríame: «¡Sidro!, qué foi d'a tua fada?»

XUÉS.—Unha rayola de sol póusase n-as augas podres d'unha lameira, e non se lixuga.

SIDRO.—Y-esa mesma rayola, a nube máis liviá, oscuréce-a.

XUÉS.—Estamos latricando, Sidro.

SIDRO.—Perguntóum'o siñor Xués, e contesteille.

XUÉS.—Cóntem'outra vez o que fixo onte, desque veu d'a pesca.

SIDRO.—Voltos d'a eirexa, onde fumos a dar gracias â Virxe por nos sacar con ben d'o temporal, metínme n-a casa. N-ela topéi co'ese home qu'iba a proporme a patronía d'un pesqueiro, cousa que refuséi. Chegóu logo a xente d'a barca, pra quedar n-a hora d'íremos hoxe de costeira, y-eisí como se foron y-eu encamiñábame casa de Roque, chegaron o pedáneo e dous máis, todos eles cás de D. Filipe.

XUÉS.—Agard'un pouco... Vosté quedóu c'a sua xente en sair hoxe de costeira?

SIDRO.—Sí, siñor; ô rente d'o día.

XUÉS.—Logo, non sabía que D. Loís enrolara tamén ôs seus mariñeiros?

SIDRO.—¡Si non-os volvín a ver desque quedamos d'acordo!...

XUÉS.—*(o Escribano).* Non s'esqueza d'ese punto! *(A Sidro).*—Dicía que chegara o pedáneo...

SIDRO.—Cando eu xa saía, e volvinme pr'escoital'o.

XUÉS.—¿Qu'asunto levaba?

SIDRO.—Iban pidirme, de parte de D. Filipe, que favorecera a Froilán, o matador d'o fillo de Roque, n-o Xurado,

XUÉS.—¿E vostede?

SIDRO.—Eso non se pergunta, siñor Xués; abonda con ollarme pra adiviñar que me neguéi!

XUÉS.—*(o Escribano).* Non s'esqueza tampouco d'eso! *(A Sidro).* ¡Adiante, Sidro!

SIDRO.—Gustar non gustoulles moito; tivemos unhas verbas; insinaron a orella de lobicás; e con estas y-outras, fíxose noite; e como quiría falar a Roque, e non deixaron de facerme cóxegas os desafíos d'aqueles escravos, tiven o mal acordo de meter n-o peto o revólver, e botéi a andar.

XUÉS.—¿Non parou con ninguén n-o camiño?

SIDRO.—Non, siñor; fun sin determe a casa de Roque.

XUÉS.—¿De qué hora saíu e volvéu?

SIDRO.—Entr'as oito y-as dez.

XUÉS.—¿Oíu o disparo?

SIDRO.—¿E non-o había d'oir? Viña pol'a revolta d'a miña casa cando sonóu.

XUÉS.—¿Non veu a ninguén?

SIDRO.—A ninguén vin. N-o auto de chegar, chegaron de contado o pedáneo y-o alguacil.

XUÉS.—¿Y-a bala que falla n-o revólver?

SIDRO.—¡Vaille boa! Fai cásequ'un ano que metínlla n-a testa a un can doente que viña a trabarme, e matéin-o: eso pódese probar.

XUÉS.—¿Y-as que tén o revólver?

SIDRO.—Sonll'as compañeiras d'a outra. Tam-

pouco será difícil de probar, pol'o ferruxe que terán, o tempo que levan de cargadas.

XUÉS.—¿Non ten máis que depoñer, Sidro?

SIDRO.—Si, siñor Xués. Teño de denonciar diante d'usía o intento d'asoballamento de don Loís. O acuso d'allanal'a miña casa, pol'a noite, en ocasión de estal'a porta aberta y-a miña filla sola; o acuso de querer forzal'a miña filla.

XUÉS.—*(o Escribano)*. Porá en xeito o escrito d'acusación que fai este home, pra qu'a firme, e logo se disporá o que sexa d'o caso.

SIDRO.—¡Xusticia que pido, siñor Xués!

XUÉS.—Agarde fora hastra nova chamada.

SIDRO.—Ben está, siñor; así o faréi. *(Vaise despóis de facer reverencia)*.

CONVERSA 6.ª

Os ditos, menos Sidro.

XUÉS.—*(Contr'o seu ehaleque)*. ¡Vaya un home enteiro! Sai a verdá d'a sua boca, como auga cristaíña de limpa fontela... *(O Escribano)*.—¿Qu'entr'a filla.

(O Escribano vai â porta, despecha e volve en compaña de Pilara).

CONVERSA 7.ª

Os ditos e Pilara; despóis un Alguacil.

XUÉS.—*(A Pilara)*. ¿Cómo se chama?

PILARA.—Pilara.

XUÉS.—Séntese e non s'asañe. *(Pilara séntase n-a silla qu'agarimoso ll'arrechega o Escribano)*.

XUÉS.—Pirmeiro de perguntarlle, heille dicir qu'as leises a dispensan de decrarare contra d'o seu pai.

PILARA.—*(Sinxela e firme).* ¡Hou, siñor Xués! Destonces pódeme perguntar canto queira, porqu'inda non nacéu criatura que poida botarlle n-a cara unha mala aución.

XUÉS.—¿Qué buscaba don Loís n-a sua casa?

PILARA.—¿Qué buscan as raposas n-o corral?

XUÉS.—E mester contestar direutamente.

PILARA.—Pois quixo asoballarme e pol'a forza roubarme a miña honra.

XUÉS.—¿Estaba vosté sola n-a casa?

PILARA.—Sí, siñor; y-a porta aberta, porque con ingano fixéronme qu'eu fora a sair.

XUÉS.—¿Quén a inganóu?

PILARA.—Non-o sei; pro adiviñase. Berraron dende fora que meu pai quedaba n-o camiño c'unha perna magoada d'unha caída.

XUÉS.—¿Quén tumbóu a don Loís?

PILARA.—¡A xusticia de Dios!

XUÉS.—Pro, ¿quén disparóu?

PILARA.—¡Eu non-o vín, siñor Xués!

XUÉS.—¿Nin maxina quén poidera ser?

PILARA.—¡Ai, siñor Xués! E si o maxinara iba dicirllo?

XUÉS.—Obriga é d'o testigo dicil'a verdá.

PILARA.—Así é, siñor; o testigo non debe mintir; mais supoña usía qu'eu o vira, e que véndo-o, viñera eiquí pra dicirlle: «O tiro que me librón d'a deshonra deun-o Fulán!» ¿non merecera qu'os cás m'oubearan, e qu'eu mesma m'arrincas'a léngoa traicioneira?

XUÉS.—*(Contr'o seu chaleque).* Tal pai, tal filla. *(A Pilara).* —Pro dime, nena, e si por tí calares, teu pai sofrira prisiós, podendo libertal'o...?

PILARA.—¿A prezo d'a honra?... xamáis; qu'ô pai hase dar facenda e vida, ma non a fada. O inocente persiguido leva coroa de mártir; a boa fada d'os fillos coroa é d'a testa d'os pais.

XUÉS.—¿Onde tanto deprendiches, nena?

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para cultura
Fundado en 1879

PILARA.—N-as leuciós d'o meu pai e n-os seus feitos. *(Quédase como embelesada).*

ALGUACIL.—*(Dende a porta).* ¡C'a venia d'usía!

XUÉS.—¡Adiante!

ALGUACIL.—*(Chegando â mesa y-entregando un pliego).* D'o médico forense. *(Vaise).*

XUÉS.—*(Lêndo).* «O firido, anque grave, millora, e tardará en curar us vinte días. Acompáñas'o proyeutil que don Loís tiña n-o brazo dereito. Dempóis poréi n-as mans d'usía o informe médico legal.»

(O Xués cotexa o revólver de Sidro que está sobre d'a mesa c'o proyeutil remitido pol'o forense, e fai sinales negativas c-a testa).

XUÉS.—Tiña a proba moral d'a inocencia de Sidro; xa teño a proba material. *(A Pilara).*—Vaite pra casa, Pilara; bon mêstre tes; Dios cho garde. *(Pilara, dispons'a sair).* E si non, para. *(Ô Escribano).* —Que veña Sidro. *(O Escribano vai â porta, e volve con Sidro).*

CONVERSA 8.ª

Ditos e Sidro.

XUÉS.—Esto finóu, Sidro. A bala que sacóu d'a firida o médico, proba que non é d'arma de vosté.

SIDRO.—De maneira, qu'un cacho de promo, da máis fe en xuicio qu'a palabra d'un home de ben!... ¡Adiante!... Pro esto non finóu, siñor Xués.

XUÉS.—¿Qué quer dicir?

SIDRO.—Que sosteñ'a acusación contr'o asaltante de casas y-honras alleas.

XUÉS.—Home, ¿e non será eso unha vinganza?

SIDRO.—Vinganza, non, siñor; vindicación é. Cand'ese home cure, ou a xusticia é xusticia, ou botaréi por outro camiño.

XUÉS.—A xusticia saberá cumprir c'o seu deber; pro Dios mándanos perdonar.

SIDRO.—¿Dixen eu que non perdonaba? A vindita púbrica pide reparación; despóis xa se verá.

XUÉS.—Quixera eu saber en qué libros deprendéu tan fondo xuicio, tanta prudencia, tanta discreución.

SIDRO.—¿En qué libros, dí? N-os d'a fe que m'alumea e n-os d'a natureza onde estóu lêndo fai cincoenta anos... Cincoenta anos entre mar e ceo, arrolado pol'a brisa ou batido pol'o furacán, xa queimado d'o sol, xa cegado d'os lóstregos, man a man con Dios que me fala n-os pestenexos d'as estrelas, que s'achega n-os tronidos, qu'alenta n-os barbodeos d'a tempestá. Aló, entr'as duas imensidades, érguese a concencia, contémprase farangulla máis pequena qu'unha pinga d'auga, pro máis grande c'o mundo enteiro, pois c'o pensamento rube hastr'o ceo e baixa hastr'os abismos; y-o corazón cai de xionllos adourand'o Ser Supremo a quen atopa enriba y-embaixo, tendo por peana o mar, as alturas por coroa, e por altar de sagreficios os traballos d'os homes de ben, que ll'oferendan cal oracións saídas d'o fondo d'a y-alma...! ¡Xa sabe en qué libros deprendín, siñor Xués!

XUÉS.—Os millores, Sidro; ídevos en paz. *(Erguese).*

XUÉS.—*(Contr'o seu chaleque).* ¡Cántas xoyas como éstas hai n-o mundo, sin qu'o mundo seipa d'elas!

SIDRO.—Páse-o ben, siñor Xués, e Dios páguelle todo.

XUÉS.—*(Arrechegándose).* Déixeme qu'aperte esa man honrada. *(Apértalla). (Contr'o seu chaleque).* —Si d'este pau foran os homes, ¿qué falla faríamos nos?

(Vanse pai e filla, collidos d'o brazo).

(Cai o pano).

PARTE TERCEIRA

(Erguido o pano, vese a casa de Sidro, d'o mesmo xeito que n-a parte pirmeira).

CONVERSA 1.ª

Sidro, Pilara e un fato de mariñeiros qu'os arrodean cheos d'alegría.

SIDRO.—Moito vos agradecemos Pilara e máis eu as verbas agarimosas c'as que vos alegrades d'o remate felís que pra nos tivo a esventurada ocurrencia d'antonte.

MARIÑEIRO 1.º.—Y-eiquí estamol'os compañeiros d'as barcas de vosté e d'o tío Roque, que vimos tamén a dicirlle que rompimol'o trato c'o pesqueiro, desque soupemol'o acontecido. Os nosos pídenlle perdón, siñor Sidro, y-a mercé de qu'os adimita de novo n-a barca.

MARIÑEIRO 2.º—Sí, siñor.

MARIÑEIRO 3.º—Eso, eso.

SIDRO.—Mudáchedes e volvedes; pol'a vosa voluntá fúchedes; pol'a vosa voluntá vides. Eu ricíbo-os gustoso, e c'a mesma lei tratareivos, sin receos d'a vosa mudanza; que non é pecado mudarse por millorarse.

MARIÑEIRO 1.º—Nos non queremos sirvir a un home que s'atrevéu con Pilara; anque vosté non-os ademita, a don Loís hémoslle dar unha figa, com'âs meigas.

MARIÑEIRO 2.º—E non haberá n-a parroquia un mariñán que faga feira con él.

PILARA.—Eso hónravos, rapaces, qu'os valentes non poden aparexar c'os traicioneiros.

SIDRO.—Así é; ovellas e lobos non fan xuntanza... Pro, ¿ónde para Tanasio, que non-o vexo?

MARIÑEIRO 1.º—Dixo qu'iba n-unha carreira a ver que viaxeiros chegaron n-o vapor que fondeóu de mañá n-o porto d'a vila.

MARIÑEIRO 2.º—*(Ollando â portalada)*. Vé-de-o, ahí ven! *(Entra Tanasio, todo sofocado)*.

CONVERSA 2.ª

Ditos e Tanasio.

SIDRO.—¡Hou, Tanasio! Xa te botábamos de perda... ¿Chegóu xente conocida?

TANASIO.—Adiviña, Pilara; ¿non agardas por Daniel? Pois ahí o tes. Ven feito todo un home.

PILARA.—¿E cómo non veu cando tí?

TANASIO.—Díxome qu'iba facer entrega d'us encargos, e que viría voando; y-eu din en correr pra trael'a boa noticia.

PILARA.—Grande corazón tes, Tanasio.

MARIÑEIRO 1.º—Imos contra de Daniel, compañeiros?

OS DEMÁIS.—¡Imos! ¡Imos!

SIDRO.—Ide, pois; pro tí, Tanasio, agard'un pouco; que teño de falar contigo.

CONVERSA 3.ª

Sidro, Pilara, Tanasio.

SIDRO.—Dios quixo facer un milagre, y-escolleut'a tí, Tanasio, pra seres estrumento d'a sua xusticia.

TANASIO.—*(Con volta)*. ¿E logo, tío Sidro?

PILARA.—Non recées, Tanasio; meu pai sábe-o todo; xa comprenderás que debía dicirllo.

SIDRO.—Sein-o todo, sí; e ademiro en tí un fillo que, coidando d'a fada d'o seu pai, non se detivo en sagreficarse e correr grave perigo.

TANASIO.—¿Grave perigo? ¿Sagreficio?

SIDRO.—Sí, Tanasio, sí; si eu pillara ô asaltante d'a miña casa n-o auto en qu'a miña filla d'a y-alma iba ser vexada pol'as feras poutas d'o lobo, y-o tumbara e deixara morto d'un tiro, a xusticia non condenaríame, reconocend'o feito de lexítima defensa; mais tí que por diante d'as leises non tes titros de sangue connosco, tí irías a presidio por nos libertare d'unha mortal vergonza.

T—¡Bo!, tío Sidro; e si tal socede, porque chegara a saberse, eu dérame por ben pagado, entroques d'a disgracia qu'escorrentaba. E xa ve, ninguén habería de chorar por mín...

SIDRO.—¡Ingánaste!

PILARA.—Non fales así, Tanasio. Eiquí terías corazóns que chorarían decote por tí, e que noite e día rezaran pra qu'a man de Dios t'alentase e sementara de froles cheirosas o camiño d'a tua vida.

TANASIO.—¿E paréceche esa pouca paga pra mín, si viña d'a tua man e d'a man d'o tío Sidro?

SIDRO.—Pouca e ben pouca, Tanasio. Cando recíbese un ben como o que de tí recibimos, non hai cousa con que pagal'o: é débito que non finiquita de non sere con outro ben semellante. ¡Honra por honra, Tanasio; lei por lei! Probe naciches, orfo quedaches; mail'o pan que ch'eu dín fixo de tí un home tan compreto, d'alma tan nobre e corazón tan grande, qu'eu non sei máis que dicirche: «Tanasio, ¿queres ser meu fillo? ¿Queres ter por hirmá a Pilara?»

TANASIO.—¡Meu pai vosté, tío Sidro! ¡Pilara miña hirmá!

(Vai e bicall'as mans).

(Ousense rumores de xente).

SIDRO.—*(Bicándoll'a testa).* Cando pase o trebón d'antonte, e ninguén lémbrese d'a ocurrencia, virás cabo de nos, e unhas mismas tellas cobrirán-nos. Pol'o presente, hai que ter moita prudencia pra non espertar sospeitas que poderían dar contigo n-o cárcere.

TANASIO.—Os seus deseyos serán leises pra mín, siñor.

SIDRO.—Pilara, aperta ô teu hirmá ¡que ben merece respiral'o cheirume d'a frol garrida quen a libertóu d'a legáchema gafosa!

PILARA.—¡Hirmá quirido!) *(Apértanse como*

TANASIO.—¡Quirida Pilara!) *hirmás namentres que Sidro os bendice).*

CONVERSA 4.ª

Ditos, Daniel e mariñeiros.

DANIEL.—*(Dend'a portalada).* ¡A paz de Dios sexa n-esta casa! *(Ollando pr'os apertados e máis pr'o vello).* —Mais ¡qué vexo! Abofé que paresce que non tiñan presa de qu'eu chegara...

SIDRO e PILARA.—¡Daniel! *(Indo cabo d'il. Sidro apérta-o; Pilara o colle d'as mans).*

SIDRO.—Chega en boa hora a esta casa onde tes almas leales e corazóns doridos qu'endexamáis esquecéronse d'a correspondencia que che deben e d'o querer que che gardan.

DANIEL.—*(Con retranca).* Eso por vosté o dirá; pro o que ten n-o peito unha muller, eso a muller sábe-o; qu'as ausencias traen por veces esquecimentos, ¿n-é verdá, Pilara?

PILARA.—¡Esquecimentos dis, Daniel! ¿Sabes d'algún que teñas de botarme n-a cara?

(Dicindo esto sopáranse pr'a dereita; e Sidro e Tanasio pr'a ezquerda; os mariñeiros quedan n-o fondo).

DANIEL.—Tí dirás, Pilara.

PILARA.—Nada teño que che dicir d'eso, Daniel.

DANIEL.—E tampouco terásme que dicir a conto de qué vos dábades unha aperta Tanasio e máis tí, cando eu chegaba pol'a porta.

PILARA.—Pois acertas, Daniel; tampouco nada teño que che dicir d'eso.

(Siguen parolando).

SIDRO.—Pois, sí, Tanasio; sorte foi qu'o Xués é un home reuto, e qu'a Providencia dispuxo a proba d'a miña inocencia.

TANASIO.—¿E cómo, siñor?

SIDRO.—Maxínate qu'a arma con que se disparóu fose outra com'a miña; un revólver igual...

TANASIO.—¡Hou, Dios! E máis ten razón...

(Siguen parolando).

PILARA.—E un segreto, Daniel.

DANIEL.—Por maneira, qu'a que vai ser miña muller, ten segretos pr'o que vai ser seu marido!... Pois dígoche que s'agora os tes, dempóis de casada tamén os terás, y-eu non podo pasar por eso.

PILARA.—¡Non sábel'o que dis, Daniel!

DANIEL.—¿Qué non sei o que digo...?

PILARA.—¡Non, ho! Cando meu pensamento adiviña un segreto d'outro, ou cand'estoutro confíam'a min un segreto, ese segreto non é meu, é de quen m'o confía. Destonces nin a man ezquerda debe sabel'o que sabe a man dereita; ¿entendiches?

DANIEL.—¡E si todo fora leria...!

PILARA.—Mal conócesme, Daniel; mais xa que falas eisí, dígoche que si por m'eu calare t'arre-

pintiras d'o trato de casamento, céibote d'o compremiso que tés comigo.

(Siguen parolando).

SIDRO.—Don Loís non morrerá d'esta, pro espéall'o que non pensaba.

TANASIO.—E logo, siñor.

SIDRO.—Acusein-o d'asaltamento d'a miña casa e d'o intento de forzal'a miña filla... A falla de testigos vai ser un incomeniente, pro xa veremos.

TANASIO.—¿A falla de testigos? ¡Eu son un!

SIDRO.—¡Cala, Tanasio; eso non pode ser!

TANASIO.—¿Cómo que non pode?

SIDRO.—Non pode. ¿Non ves qu'eso sería o mesmo que denonciarte...?

(Siguen parolando).

DANIEL.—¿De modo e maneira que me despides...?

PILARA.—Non, Daniel; quen se despide es tí. Ningún home debe casare con muller que non merézalle confianza a cheas. Tí tés receos de mín; léoch'os n-a cara, e pirmeiro que máis m'ofendas, devólvoch'a palabra.

DANIEL.—Pro si tí vírasm'apertado por outra muller, ¿non pidiríasm'expricaciós d'o feito que te non compriría nin un pouco?

PILARA.—Si eu tiña fe en tí, y-a aperta fora diante d'as limpas cañas d'o pai d'aquela muller, gardaríame moi ben de dicirche nada.

DANIEL.—O que cela, quere, Pilara.

PILARA.—O que cela, recea, Daniel.

DANIEL.—*(Indo cara o tio Sidro).* ¡Tío Sidro! *(Xúntans'os catro, y-os mariñeiros arrodéan-os).*

SIDRO.—¿Qué s'ofrece, Daniel?

DANIEL.—Pilara despídeme; y-é mêster que vosté sentencie o noso preito.

PILARA.—Escoite, meu pai, e diga si teño razón.

SIDRO.—Fala, miña filla.

PILARA.—Cando Daniel chegóu, estábamos apertados Tanasio e máis eu. Pidium'expricaciós, y-eu contestéille que nada tiña que dicirlle, pois tratábase d'un segreto que non era meu. Non se contentóu, y-acabéi por dicirlle qu'un home non debe casare con muller d'a que recea; e devolvínlle a sua palabra.

SIDRO.—Ben falóu Pilara, ¡hou, Daniel! Anqu'a y-alma s'escache de delor, o qu'a ten reuta non pode ser traicioneiro xamáis.

DANIEL.—¡Pro s'eu creyo en vosté e creyo en Pilara!

PILARA.—E mañá, dempóis de casado, diríasme: «Cando vou darte unha aperta, vexo entr'os dous a Tanasio». As nubes non muschan o sol, máis non deixan que brile. *(Chora)*.

DANIEL.—Adiós, pois, Pilara; adiós, tío Sidro; adiós todos!

TANASIO.—*(Detendo a Daniel)*. ¡Para, Daniel, y-escoitade todos!

SIDRO.—*(Con alma)*. ¡¡Tanasio!!

TANASIO.—*(Con máis alma)*. ¡N-esta hora d'alegría, n'ha d'haber brétemas tristeiras! ¡Déixeme falar! *(A Daniel)*. —Daniel, antonte, aproveitándose de que Pilara estaba sola n-a casa, un home asaltóun-a pra vexal'a pomba n-o seu niño. Eu qu'estaba maliciado d'o conto, fixen de can de palleiro, estiven â espera, e n-o istante crítico dinll'un tiro ô ladrón d'honras alleas, que caiu n-a mesma porta d'o corral. Ninguén veume, solasmente o soubo Pilara, y-esta, nin por librar d'a xusticia ô seu pai dixo nada. Cando tí chegaches, tío Sidro acochábame por fillo, e pol'o seu mandato dábame Pilara unha aperta d'hirmá.

DANIEL.—¡Hou, Tanasio, gracias!

TANASIO.—¡Non rematéi! Pra que non volv'a nube a escurecel'o sol, Tanasio vaise...

DANIEL.—¿Onde?

TANASIO.—*(Con toda y-alma).* ¡Cabo d'o Xués, pra dicirlle quén pegóu o tiro a D. Loís! *(Vaise fuxindo, sin dar tempo a detel'o).*

CONVERSA 5.ª

Ditos, menos Tanasio.

SIDRO.—¡Corazóu d'ouro!

PILARA.—¡Hou, hirmá quirido! *(Chora).*

DANIEL.—¡Pro eso non pode ser!

SIDRO.—¡Qué non pode ser! Cand'os homes son d'o pau de Tanasio, ¡vaya si pode!; e nin eu a quen chama pai dend'hoxe, o tornaría.

DANIEL.—¡Pro hai que salval'o!

SIDRO.—Eso é noso débito que non finiquita d'outro xeito. *(Quédase caviloso).*

DANIEL.—*(A Pilara q'está soparada e d'espalda).* ¿Perdónasme, Pilara?

PILARA.—Con duas condiciós, por penitencia.

DANIEL.— Obrígom'a cumpril'as.

PILARA.—A pirmeira, que non s'ha falar de casamento mentres o probe de Tanasio corra perigo de qu'o prendan. A segunda, qu'has poñer fianza pra qu'o ceiben namentres anden os papeles d'a curia, e revolver n-a vila canto poidas hastra vel'o absolto.

DANIEL.—Eso e máis faréi. ¿Non te gardóu pra min? ¿Non é teu hirmá? Pois hirmá será meu dend'hoxe, Pilara.

MARIÑEIRO 1.º.— ¡Vivan os noivos!

OS DEMÁIS.—¡Vivan! ¡Vivan!

SIDRO.—Boa xente sodes, ô fin, xente de mar, forte, honrada, valente, c'o esa valentía que mira serea os perigos. Pro deixemol'as alegrías mentres o corazón se doya d'o mal de Tanasio. Os d'a barca de Roque, ide aló pra darll'ô probe vello o consolo d'a satisfaución que lle debedes; os d'a

nosa barca, dispoñel'o todo pra sair de costeira mañá. Daniel e máis eu iremos â vila pra ver de topar con Tanasio e salval'o.

MARIÑEIRO 1.º—Pois ímonos. ¡A paz de Dios, tío Sidro y-a compaña! *(Vanse).*

SIDRO.—El vaya convosco, rapaces. Ven tí tamén, Pilariña.

(Van a sair todos pol'o fondo, y-aparece D. Filipe).

CONVERSA 6.ª

Ditos e máis D. Filipe.

D. FILIPE.—*(Facendo señas de que se deteñan).* Téñanse todos, qu'enteresa.

SIDRO.—*(Contr'o seu chaleque).* ¿Qué traerá este mal agoiro? *(De mal xeito).* ¿Qué se ll'ofrece, D. Filipe?

D. FILIPE.—Home, non se poña noxado, que veño de paz.

SIDRO.—As veces, valen máis boas guerras que malas paces.

D. FILIPE.—¿Y-a santo de qué dí eso?

SIDRO.—O qu'anda c'os lobos a oubear deprende.

D. FILIPE.—Pr'onde está o lobo, Sidro!

SIDRO.—Eu m'entendo e Dios enténdeme.

D. FILIPE.—Pois xa verá como veño d'amigo e pra sirvil'o

SIDRO.—¿A mín? Nada pidínlle e non penso de cansal'o.

D. FILIPE.—Xa sei que non me quer ben; pro vai ver que si pídoll'un favor, será entroques d'outro.

SIDRO.—Cunca de leite por cunca d'aceite.

D. FILIPE.—Vosté sempre malicioso...

SIDRO.—Nunca vin raposa conversa en ovella.

D. FILIPE.—Escoite pirmeiro, e fale despóis.

SIDRO.—Xa escoito, D. Filipe.

D. FILIPE.—Pro sentaréime, que veño un pouco canso.

SIDRO.—Sentarémonos, sí, señor; que eso non quita nin pon.

(Séntanse).

(Pilara e Daniel, un pouco arredados, parolan; pro atentos a conversa d'os vellos. Os mariñeiros tamén parolan).

D. FILIPE.—Véñoll'a pidir un favor.

SIDRO.—Vosté dirá.

D. FILIPE.—Son o pirmeiro en condenal'o que quixo facer eiquí don Loís...

SIDRO.—*(Con coraxe).* ¡Non ripita ese nome diante de mín, D. Filipe!

D. FILIPE.—Soséguese, siñor Sidro; nomeéin-o porque era mêster. Digo que son o pirmeiro en condenal'o feito; máis a firida halle sirvir com'auga fría ô gato escaldado, e ben castigado está.

SIDRO.—Ingánase, D. Filipe: ese foi o castigo de Dios; agora fall'o meu.

D. FILIPE.—*(Moi agasalleiro).* A eso viña, siñor Sidro; vosté e bon y-honrado e de xenerosos sentimentos; ¿qué ganará con botar de perda a ese home? Faláronme n-o xusgado d'acusación de vosté.

SIDRO.—De maneira que por un home sere honrado, hase deixar qu'os ladrós asáltenll'a casa e rouben d'ela o millor tesouro qu'atopen?

D. FILIPE.—Home, xa se sabe que non; pro s'il está arrepintido d'o seu atrevimento e disposto a pidir perdón a pai e filla...

SIDRO.—*(Erguéndose e con alma).* ¿Pidir perdón? Non; que non veña; qu'eu non-o vexa diante de mín; que non lixe c'a sua presencia este chan xamáis gafado... Non poderíame conter, y-es-

tes brazos d'un vello petrucio inda terían forza abondo pr'afogal'o... (*Séntase*).

D. FILIPE.—Exprícome ben o seu coraxe, mais xa sabe qu'as cousas d'a xusticia van como carreta por petoutos: aquí detense, alí tamén, e non s'acaba de chegar ô termo.

SIDRO.—E s'hai quen poña enriba d'os papeles un croyo...

D. FILIPE.—¡Canté!... E pasará un ano, dempóis outro,... Pra entonces nin cinzas de malaquerencia quedan n-o peito...

SIDRO.—D'os bós, non; d'os malvados, sí, quedan.

D. FILIPE.—E sendo vosté quen é...

SIRDO.—Sendo quen son perciso qu'a Xusticia sentencie pra qu'o agravio d'este chan s'arrepare. Estonces será caso de falar de perdón.

D. FILIPE.—Je!... je!, siñor Sidro. O favor hase facer cando se pide... (*Con moita aquela*). —Vosté siría moito meu amigo retirando a acusación, y-ô proceso pol'o tiro botaríalle terra a curia; d'eso encárgom'eu. (*Erguese*).

SIDRO.—(*Contr'o seu chaleque*). ¡Probe xusticia n-as mans de tal xente! (*A don Filipe*). —¿O proceso pol'o tiro? Nada vaime n'il, gracias a Dios,

PILARA.—(*Correndo cabo d'o seu pai*). ¿E Tanasio?

SIDRO.—(*Facendo de mentes*). ¡Ai, meu Dios!

PILARA.—(*O seu pai*). Déixem'a mín. (*A don Filipe*). —D. Filipe, vosté pide que se deixe a acusación d'asaltamento e demáis, entroques de rompel'o outro proceso; ¿n-é verdá?

D. FILIPE.—Así é, linda rapaza.

PILARA.—De maneira qu'anque mañá, poño por caso, soupérase quén disparóu o tiro, mal non pasaríall'e, porque era conto acabado.

D. FILIPE.—Eso mesmo, nena.

PILARA.—¿E quén siría fianza d'ese compremiso?

D. FILIPE.—*(Contr'o seu cheleque)*. ¡Vaites c'a rapaza! E tan lista como fermosa. *(A Pilara)*. —Unha decraración d'o firido diante d'o Xués.

PILARA.—Pois cando eso sexa, o meu pai retirará a acusación; ¿n'é así, siñor pai? *(Indo a carón d'il)*.

SIDRO.—*(Erguéndose caviloso, entremedias d'a expectación de todos)*. ¡Sexa, D. Filipe! *(Pr'o seu chaleque)*. —O débito finiquitado, Tanasio! ¡Honra por honra! ¡Lei por lei!

CONVERSA 7.ª

Os mesmos e Tanasio.

TANASIO.—*(Satisfeito e sin parar hastra poñerse diante de todos)*. ¡Xa está feito! Decraréi todo ô siñor Xués, e pidinlle licencia pra vir a dicirvos adiós; mais él foi tan bó comigo, que díxome quedaba ceibo, c'a obriga d'ir diante d'él cada tres días. *(Todos arrodéan-o e queren festexal'o a retesia. Daniel adiántase a todos y-o aperta con alma, D. Filipe ollando aquel cadro d'amor)*.

DANIEL.—Ven ôs meus brazos, Tanasio; tí es todo un home, e si quéresme hencher de fachenda, téndome por hirmá, seremos dous hirmás pra quererte, cal tí mereces ser quirido.

TANASIO.—¿E non hei querer, Daniel? Solo n-o mundo, sin outros amores qu'os que Dios quixo prenderan n-o lume d'o agradescido peito, dend'hoxe deum'unha familia en Sidro, en Pilara y-en tí.

(Os tres apértan-o).

D. FILIPE.—*(Contra de si)*. ¡Qué diaño de xente! Fan sentir drento d'o peito cousas raras, como si formigaran pol'o lombo un fato d'escorrentadas

formigas... Estes nada cobizan; teñen o tesouro d'os sentimentos máis nobres, e maxínanse ditosos... Amor!... lealtá!... N-o mundo en qu'eu vivo, a cobiza non deixa nin un rincuncho pr'o amor... ¿Onde está a dita?... Pra estes, unha costeira felís, unha boa venda d'o peixe, y-acabóuse.

MARIÑEIRO 1.º—¡Viva o tío Sidro!

IDEM 2.º—¡Viva Tanasio!

IDEM 3.º—¡Vivan os noivos!

D. FILIPE.—¿Quén son os noivos?

SIDRO.—(*Deixando d'apertar a Tanasio*). Preséntolle, D. Filipe, a Daniel, o que será logo, si Diol-o quer, meu xenro, que acaba de chegar despóis de catro anos d'andar pol'o mar en patronía d'altura. Casaránse eisí que vosté cumpra o que está dito e falado.

D. FILIPE.—Destonces, dispoñéde-o todo pra cando vos pareza, porque o enguedello ese quedará desenguedellado de mañá a trasmañá. A máis, siñor Sidro, tería moitísma compracencia en sel'o padriño d'a boda.

SIDRO.—Gracias, mil gracias, D. Filipe; pro é o caso qu'eiquí non haberá nin pode habere outro padriño qu'o meu fillo.

D. FILIPE.—¿O seu fillo?

PILARA.—Sí, siñor; Tanasio, o que libróume d'as feras gadoupas d'o lobo traicioneiro; este probe mariñán d'alma tan grande e corazón tan nobre, que pra qu'o sol d'os meus amores non tivera o máis pequeno lixo, foi a entregars'o Xués, decrarándos'autor d'o disparo que tumbóu a ese mal home.

D. FILIPE.—(*Contra de si*). ¡Cánta grandeza! ¡A grandeza d'os humildes! Hai que facer algunha vez o ben sin retranca, pra desconto de... ¡Si souperan que téñolles envexa!... Porque, de mín, inda podería pasar; pr'os intereses forxados son cadea de ferro, y-eu grillón d'esa cadea... (*A Ta-*

nasio). Irás mañá cabo de mín, Tanasio, pra ire xuntos ô xusgado. Cando volvas, virás libre d'a curia.

TANASIO.—¡Páguello Dios, siñor!

D. FILIPE.—Adiós, Sidro; (*apértall'a man*). Adiós, garrida pomba d'este niño d'amor; (*apértall'a man*). Adiós, Daniel, e conte c'un amigo; (*apértall'a man*). Hastra mañá, Tanasio. E vosoutros, (*ôs mariñeiros*), boa xente, bebede con licencia d'o tío Sidro, un neto de viño pol'a dita d'os noivos. (*Dalles unhas monedas*).

MARIÑEIROS.—¡Moitas gracias! ¡Páse-o ben!

(*Vaise D. Filipe e logo os mariñeiros*).

CONVERSA 5.ª

Sidro, Pilara, Tanasio, Daniel,

(xuntos, tendo n-o medio a Sidro).

PILARA.—Sopróu fero o trebón, mais finóu sin magoarnos, pai quirido.

SIDRO.—D'estes furacás, como n-os d'o mar, n'hai día seguro nin hora certa; mais haivos sempre un tornarrayos que non falsea xamáis: alma límpa e confianza n-a Providencia.

Ora, pois, qu'as brétemas fuxiron, coidemos d'os nosos asuntos. Pilara e máis tí, Daniel, acordade n-o tocante ô casamento, cando vos pareza e como vos pareza. Unha obriga impóñovos: dend'o día d'o casoiro, Tanasio vivirá debaixo d'as mismas tellas qu'eu, convosco... ou sin vos, según acordedes.

DANIEL.—¡Hou siñor! N-a sua vellés, nin Pilara deixára-o solo, nin eu teño corazón de pedra pra arredal'a de vosté. Con Tanasio seremos tres almas pr'axeital'o e tres fillos pra sirvil'o.

TANASIO.—(*En tono riseiro*). Ben falaches, Daniel; mais non por eso ha deixal'o oficio de patrón.

Cambeará de xente; enrolará uns picariños lindos que Pilara e máis tí encargaredes â frábica, y-eu fareilles barcas de tres en cunca, y-o avó insinaráles a bogar e ciar n-unha pila d'auga. (*En tono grave*). Pro arrepara, Daniel, n-a xoya que recibes d'a man d'o tío Sidro, e que n'hai home nacido qu'a mereza. Si fasn-a ditosa; si a carón de tí brila decote n-as suas meixelas a côr d'alegría, Tanasio dará por tí o sangue y-a vida; mais si pol'a tua esventuranza Pilara vertera unha sola vágoa, eu trocaríame en can de palleiro pra trabarte; porqu'a lei d'os câs pr'os seus donos nunca fallóu, y-a dona d'este *can* (*golpéase n-o peito*) e Pilara!

PILARA.—¡Hou corazón sin fel, com'as pombas! Tí es d'ouro puro sin migalla d'escoria!

(*Sidro atrain-o contra d'o seu peito, e Pilara e Daniel apértan-o*).

(Cai o pano).

Atenco Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, 201. Ferrol
www.atencoferrolan.org

Ateneo Ferrolan
fundado en 1879

Ateneo Ferrolan
Fundado en 1879